

USO DE FERRAMENTAS MANUAIS

RISCOS
Golpes ou cortes. Proxección de fragmentos ou partículas.

CAUSAS
Utilización das ferramentas en traballos para os que non foron concibidas e uso incorrecto. Mantemento deficiente. Incorrecto almacenamento e transporte.



- Elixir a ferramenta apropiada para cada traballo. Non utilizar as ferramentas para fins distintos dos previstos, nin exceder as prestacións para as que están deseñadas.
- Utilizar ferramentas de boa calidade.
- Utilizar ferramentas illadas ou illantes en traballos eléctricos.
- Utilizar ferramentas antichispas en atmosferas potencialmente explosivas e/ou inflamables, aínda que sexa temporal.
- Recoméndase o uso de luvas de seguridade en caso de risco de golpes e/ou cortes (uso de cicel, coitelo, punzón, pico, tesoiras etc.).
- Recoméndase o uso de lentes de seguridade en caso de risco de proxeccións (uso de cicel, coitelo, punzón, martelo, pico, tesoiras etc.).

MANTEMENTO DAS FERRAMENTAS

- Refugar aquelas ferramentas que presenten cabezas en mal estado, esmagadas, con fisuras ou rebarbas, ou os mangos deteriorados; non se deberán utilizar aqueles que estean regañados ou suxeitos con arame.
- Manter limpas as ferramentas (mangos limpos e libres de substancias esvaradías).
- Manter as articulacións engraxadas para evitar a súa oxidación.
- En ferramentas con mangos de madeira, estes deben estar limpos e nunca pintados, pois a pintura pode ocultar defectos como presentar estelas, nós etc. Comprobar que o mango está ben encaixado na cabeza.
- Realizar un mantemento periódico, comprobando o estado das ferramentas (mangos, recubrimentos illantes, afiado etc.).
- Realizar as operacións de revisión, sempre que sexa preciso, por persoal especializado, evitando en todo caso efectuar reparacións provisionais.

MEDIDAS PREVENTIVAS DURANTE O TRANSPORTE

- Non trasladalas nos petos: utilizar cintos, bolsas ou caixas portaferamentas.
- Para as ferramentas cortantes ou punzantes, utilizar fundas adecuadas.
- Ao subir escaleiras ou realizar manobras de ascenso ou descenso, levar as ferramentas de forma que as mans queden libres (bandoleira, bolsa portaferamentas etc.)



ALMACENAMENTO



- Gardar as ferramentas no lugar previsto para iso, perfectamente ordenadas en caixas, paneis ou estantes adecuados.
- Non abandonar as ferramentas en lugares ao exterior onde as inclemencias climatolóxicas ou a posible presenza de substancias químicas puidesen afectalas; tampouco se deixarán detrás ou enriba de órganos móbiles de equipos, nin en lugares situados en altura.